


Itinerario Lector



*Departamento
de
Grego*

1º e 2º ESO.

IES de Fene
Biblioteca



"O Segrel do Penedo"

<http://osegrel.blogspot.com>

DE VICTORIA PARA ALEJANDRO




Molina, M^a Isabel

Alfaguara SA

Victoria, filla dun senador romano, viaxa a Xerusalén a recibir a herdanza do seu avó, un escriba hebreo convertido ao cristianismo. Alá, a súa familia xudía pretende casala co seu curmán, pero ela está namorada de Alejandro, un escravo cristián.

MÁS RÁPIDO, MÁS ALTO, MÁS FUERTE




Molina, M^a Isabel

Alfaguara

Victoria e Alejandro, acompañan ao xove Lucio a Olimpia a participar nas carreiras de carros nas Olimpíadas, a proba reservada aos cidadáns máis importantes. Lucio trae o seu propio carro, o máis luxoso e o mellor construído, e os seus cabalos. Pero non se ten preparado para a proba e tentará todo tipo de tretas para acadar a prezada coroa de loureiro. Continuación da historia “**De Victoria para Alejandro**”

CIPRIANUS, GLADIADOR ROMANUS



Muñoz, Juan

Editorial Bruño

Un escritor dos nosos días, apaixonado pola historia, abandona o seu comfortable fogar e trasládase á Roma antiga. Asiste co mesmísimo Calígula ao nomeamento dun cabalo como cónsul de Roma. Alí coñece a Ciprianus, un gladiador romano que por amor desafia a xustiza do emperador. Dulia e Ciprianus vense obrigados a fuxir. Perseguidos polos soldados conseguen liscar de mil maneiras, cada unha máis ocorrente.

CUENTOS Y LEYENDAS DE LOS JUEGOS DE OLIMPIA




Évano, Brigitte

Editorial Anaya

No ano 432 a.C. inaugúrase a LXXXVIII Olimpíada. Durante seis días, dous estudantes gregos, entre a multitude de espectadores, seguen con paixón as probas dos Xogos: As carreiras no estadio, a loita corpo a corpo, as carreiras de carros e de cabalos... Mesmo chegan a ver a Pericles e codéanse con Sócrates. E, sobre todo, contemplan aos máis grandes atletas, que converteron os Xogos de Olimpia nunha auténtica lenda.

LOS VIAJES DE ALIX. LOS JUEGOS OLÍMPICOS EN LA ANTIGÜEDAD



Guión: *Alain, Hammerstein*

Debuxo: *Martin, Jacques e Cédric, Hervan*

A cabalo entre o cómic e o libro de divulgación e a través dun debuxo detallista, recreáanse de xeito moi fiel e realista as cidades, os estilos arquitectónicos e as vestimentas da época, para que nos fagamos unha idea de como deberon vivir e sentir as súas xentes.

Viaxar convértese na paixón por descubrir e revivir o universo da antigüidade como se fora unha gran aventura do presente. O seu personaxe protagonista Alix, vive na época de Xulio César e lévanos da man polo fascinante mundo antigo a modo de guía intemporal de excepción.

ESOS DEPRAVADOS ROMANOS



Deary, Terry

Editorial Molino

Horribles é unha colección multidisciplinar que abarca unha grande parte de todos os aspectos do coñecemento: dende a historia ata a ciencia pasando pola arte e a xeografía. A exposición dos contidos fundaméntanse nun marcado sentido do humor, e as anécdotas e curiosidades son abundantes, sendo unha fonte rica de coñecementos. Aporta un novo e orixinal xeito de difundir coñecemento e trata aos rapaces con complicidade e intelixencia, favorecendo o seu espírito crítico.

CUENTOS DE LA MAGIA GRIEGA, ENTRE BRUJAS Y FANTASMAS



Esteban, Alicia e Aguirre, Mercedes


Ilustrador: *Siro*

Ediciones de La Torre

Hecate espéranos na encrucillada; deusa da maxia e os feitizos, baixo o seu influxo leremos historias sobrenaturais protagonizadas por magas, pantasma, deusas e, por suposto, mortais. As ciencias ocultas teñen inqueda e fascinado ao home dende tempos moi lonxanos.

Adentrándonos por estes fascinantes relatos imos atopar con todo un mundo máxico poboado de portentos, visións tenebrosas, espantos, atrocidades... pero ademais cos sentimentos e as paixóns máis humanas, pois dende as súas páxinas non só nos asaltan seres sinistros e persoeiros fabulosos ou fantasmais, senón mesmo homes de carne e óso.

HEROES DE ROMA EN LA ANTIGÜEDAD




Andrevon, Juan Pierre

Ilustrador: Solé, Francisco

Editorial Anaya

A historia de Roma ten avivado a nosa imaxinación dende fai séculos. Simples lexionarios ou persoeiros de sobra coñecidos, sabios, como o emperador Constantino, rebeldes, como Espartaco, ou conquistadores, como Julio César, inimigos despiadados, como Aníbal, e grandes xenerais, como Espición el Africano, todos son heroes desta poderosa civilización que se estendeu ao longo de mil anos.

ESTO ES TROYA (TEATRO)



López Salamanca, Francisco

Everest

Mentres os troianos fan deporte e se entrenan por se se produce unha invasión, mítico heroes gregos chegan ás portas de Troia para conquistala. Ulises é o primeiro en entrar en acción para cerciorarse de que esta cidade á a que están a buscar e non outra. Sen embargo, un avisado vixía troiano descóbreo...

